

## San Miguel de Sarandón

O nome deste santo procede do hebreo *Mikha'el*, nome teofórico que reproduce a frase *mi kah* 'el "quen coma Deus". Pasou ó grego e ó latín como *Michael*. Dá os apelidos *Míguez*, *Migues*, *Miguenz*, *Miguens*...

Foi arcaxo, guerreiro, cabaleiro e príncipe das milicias dos anxos. No Antigo Testamento é o capitán dos anxos fieis fronte ós anxos rebeldes encabezados por Luzbel ou Satán, ós que vence e precipita no abismo. No catolicismo tamén é o condutor das almas dos mortos, que as ha de pesar coa súa balanza o día do xuízo final.

É avogoso do raio, a fáiça e a treboada.

O arcaxo aparece representado como un mocíño novo e imberbe cun par de ás pegadas nas costas e con vestiduras guerreiras a xeito dun soldado medieval (coiraza, túnica curta e helmo na cabeza). Leva como atributos persoais unha espada ameazadora na man dereita que brande cara a un demo monstruoso asoballado baixo os seus pés. Tamén pode levar unha balanza ou un escudo na man esquerda.

Celébrase o 29 de setembro.

Descoñecemos a orixe do topónimo Dozar, pero semella un nome persoal rematado en *-arius*.



### Caxaraville

Este topónimo formouse a partir de dous elementos. O primeiro elemento, *casar*, vén do latín vulgar *casale*, co significado de casa de campo; denominación que logo permaneceu para referirse a un conxunto de casas, aldea. O segundo vén de *Aville* (de *Avilius* ou *Abilius*).



### A Casanova

Este topónimo está formado por un primeiro elemento procedente de *casa* (*casale*, latín vulgar) e o adxectivo *nova*.



### Ximonde

Este nome de lugar de orixe xermánica procede de \* (villa) *Gemundi*, o nome do dono da villa, entendendo esta como gran quinta, que logo deu lugar ó nome da aldea. Presenta unha primeira parte escura, pero o segundo elemento de formación, *\*munda*, significa 'protección'.



### Cimadevila

Este nome de lugar procede da forma greco-latina *cyma* 'cume', seguida do complemento nominal *villa*, precedido este da preposición *de*. O seu antigo significado ten que ver coa súa localización na parte alta dunha vila.



### Sarandón

Segundo Elixio Rivas, a raíz hidronímica *sar-*, 'río, corrente de auga' é de orixe prerromana. Esta presente noutros topónimos *Sar*, *Sarela*, *Sarria*...



### A Silva de Abaixo e A Silva de Arriba

*Silva* procede do latín *silva*. En toponimia significa 'bosque, mato' e non ten nada que ver coa planta que dá as amoras (*silveira*, *silva*, *Rubus fruticosus*), sentido que adquiriu máis tarde, aínda que haxa algúns topónimos que estean relacionados con este significado moderno.



### A Pedreira

Procede de *petra* 'pedra' e máis o sufixo *-eira*, que serve para crear abundanciais, así o nome sinala un lugar no que a pedra é un elemento predominante.



### Casansula

O primeiro elemento deste nome é *casa* (<*casale*) e o segundo quizais un antropónimo Ansola?

